Thuja orientalis (< Platycladus o.) L., 1753

tuia, t. oriental, árbore da vida
tuya oriental, t. biota, árbol de la vida
ekialdeko tuia
tuia, t. oriental
arbor-vitae, Chinese arbor vitae, Chinese thuja, oriental arbor-vitae
tuia oriental, árvore da vida



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU **CA** PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**Cupressaceae**	***Platycladus***

ORIXE

A China.

CARACTERÍSTICAS

Árbore monoica de folla perenne que pode alcanzar os 30 m de altura. Copa estreita e cónica, tornándose arredondada e irregular coa idade. Tronco ás veces ramificándose dende pouca altura, con codia fina, marrón-agrisada, con longas franxas lonxitudinais. Pólas pequenas que se estenden, ascendentes ou erectas, comprimidas, tipicamente dispostas en planos verticais. Follas escamosas, carnosas, dispostas en 4 fileiras, decusadas, decorrentes, de 1-3 mm de longo, de cor verde clara ou verde-amarelada, cunha glándula resinosa lineal no centro, na parte inferior. Conos masculinos amarelo-verdosos, ovoides, terminais; os femininos terminais, solitarios, subglobosos, verde-azulados. É dehiscente na madurez, liberando unhas 6 sementes ovoides ou subelipsoides, de 5-7 x 3-4 mm.

HÁBITAT

Zona boscosa aberta de transición entre as estepas e os bosques caducifolios de carballos, bidueiros e piñeiros. Atópase en vexetación secundaria ou, máis preto do seu hábitat orixinal, en bosques máis ou menos degradados.

DISTRIBUCIÓN

Ademais da China, pode ser orixinaria dalgunhas zonas adxacentes de Corea e Rusia. No Xapón, a India, Irán e algunhas partes de Europa foi introducida e agora está naturalizada.

CURIOSIDADES

Nalgunhas partes da China, a follaxe úsase moito para queimar incenso, para o cal a especie foi introducida amplamente fóra da súa área de distribución natural.